

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Ao igual que no pasado mes de Xuño, na área de Igualdade, o día 8 faremos un recoñecemento especial en honra ás mulleres con profesións altamente masculinizadas ou de gran relevancia ao longo da historia. Deste xeito, búscase promover durante todo o ano a importancia das mulleres e o seu traballo. Faremos referencia a ditas profesións con figuras da provincia.

Neste 8 de Maio faremos referencia á muller viticultora baixo o lema: “O sabor da igualdade, viños creados por mulleres ”

A figura seleccionada da provincia para a súa representación é Raquel Biscaia, natural de O Bolo, preto das ribeiras do Xares e o Bibeí. É un gran exemplo de muller viticultora, mais tamén é labrega e apicultora. Abarcandado, deste xeito, diversos oficios de gran importancia para a provincia, tal e como ela menciona: “ O sector agroalimentario é o futuro e presente da nosa economía, ben apoiado no saber facer milenario labrego galego.” Aposta por unha alimentación san, onde o viño natural participa.

“Raquel Biscaia” é unha marca de viños que traballa en de xeito natural, sen empregar pesticidas, herbicidas ou insecticidas químicos. A maior parte do traballo, por non decir todo, realizase a man ou con axuda de pequena maquinaria. Deste xeito, asegúrase do coidado da terra e da produción dun viño completamente bo para a saúde.

Ela mesma engadiu as seguintes palabras: “ Estudei Relacións Laborais i Economía en Vigo, para continuar coa empresa familiar. Son filla de labregos. Teño experiencia neste sentido.” Tamén engade “Creo na ecoloxía, no feminismo, no coidado da terra e na importancia da alimentación para o presente e futuro das nosas crianzas. Tamén creo no traballo en ecolóxico, na biodinámica, no natural e nos viños sen aditivos.”





Imaxe 1: Raquel Biscaia rodeada polos viños da súa produción



Imaxe 2 : viña de Raquel en O Bolo



Imaxe 3: produción de godello " Raquel Biscaia"

#igualOU